



FEDERACIÓN GALEGA
DE CONFRARÍAS DE PESCADORES

Rúa Palmeiras, nave 84 - A1 15895 Novo Milladoiro Ames (A Coruña)
Telf. 0034 981 94 17 75 - Fax. 0034 981 94 17 56
confrariasgalicia@confrariasgalicia.org - www.confrariasgalicia.org

maio 19

2018

Informe Sectorial e de Xestión Adva. da Federación Galega de Confrarías
de Pescadores

Xunta Xeral

INFORME SECTORIAL E DE XESTIÓN ADMINISTRATIVA 2018

I. INFORME SECTORIAL e de NOVIDADES NORMATIVAS .

- a. ADMINISTRACIÓN COMUNITARIA
- b. ADMINISTRACIÓN ESPAÑOLA
- c. ADMINISTRACIÓN GALEGA

II. INFORME das XESTIÓNS ADMINISTRATIVAS da FEDERACIÓN GALEGA.

- a. A ACTIVIDADE ADMINISTRATIVA
- b. REUNIÓNS DOS ÓRGANOS REITORES E ACORDOS DA FG
- c. OUTRAS REUNIÓNS

III. ÓRGANOS CONSULTIVOS e XESTIÓN de PROXECTOS.

- a. ORGANOS CONSULTIVOS
- b. XESTIÓN DE PROXECTOS

I. INFORME SECTORIAL e NORMATIVO.

Neste primeiro apartado enumeramos aqueles aspectos sectoriais máis relevantes así como a normativa aprobada, facendo a súa clasificación segundo a administración pública de onde procede: ámbito comunitario, nacional ou da comunidade autónoma:

a. ADMINISTRACIÓN COMUNITARIA

Destacamos principalmente a publicación de:

- Regulamento Delegado (UE) 2018/44 da Comisión, de 20 de outubro de 2017, que modifica o Regulamento Delegado (UE) 2016/2374, polo que se establece un plan de descartes para determinadas pesqueiras demersais en augas suroccidentais.
- Regulamento de Execución (UE) 2018/1969 da Comisión, do 12 de decembro de 2018, por lo que se efectúan deducións das cotas de pesca dispoñibles para determinadas poboacións en 2018 debido á sobrepesca practicada en anos anteriores.
- Regulamento (UE) 2018/2025 do consello do 17 de decembro de 2018 polo que se fixan para os buques pesqueiros da Unión as posibilidades de pesca en 2019 y 2020 de determinadas poboacións de peixes de augas profundas

i. Regulamentos de TACs e CUOTAS para 2018

As posibilidades de pesca anuais de determinadas poboacións de peixes aplicables nas augas da Unión Europea, e tamén para determinados buques da Unión en augas non pertencentes á Unión regúlanse mediante os Regulamentos de TACs e cuotas e outras medidas técnicas. Para este ano 2018 publicouse o Regulamento 2018/120 do 27 de xaneiro.

b. ADMINISTRACIÓN ESPAÑOLA

Destacamos principalmente a publicación de:

- orde e o extracto da mesma de 19 de decembro de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras xerais e a convocatoria para o ano 2018 para a concesión, en réxime de concorrência competitiva, de axudas para proxectos colectivos, financiados polo FEMP, para a modernización das infraestruturas dos portos pesqueiros, lugares de desembarque e das lonxas, que melloren as condicións de traballo e a seguridade das persoas, tramitadas como expediente anticipado de gasto.
- PROXECTO de Real Decreto que determina as condicións de SEGURIDADE para o mergullo en augas españolas. (aínda sen aprobar pero o citamos pola súa importancia para o sector)
- Resolución do 29 de xaneiro de 2018, da Secretaría Xeral de Pesca, pola que se publica o listado de portos designados conforme a Orden APM/763/2017, de 24

de xullo pola que se establece o control dos desembarques de mas de 10 toneladas de determinantes especies peláxicas.

- Resolución do 26 de marzo de 2018, da Secretaría Xeral de Pesca, pola que se modifica a do 1 de decembro de 2017, pola que se publica o listado de portos designados conforme a Orde APM/763/2017, do 24 de xullo, por la que se establece o control dos desembarques de más de 10 toneladas de determinadas especies peláxicas.
- Orde APM/400/2018, do 17 de abril, pola que se modifica a Orde APM/264/2017, do 23 de marzo, polo que se regula a pesqueira de atún roxo no Atlántico Oriental e no Mediterráneo.
- Orde APM/605/2018, de 1 de xuño, pola que se establece un plan de xestión e recuperación para a sardiña (*Sardina pilchardus*) das augas ibéricas (8c y 9a) do Consello Internacional para a Exploración do Mar.
- Resolución do 19 de xullo de 2018, da Secretaría Xeral de Pesca, pola que se publica a lista de buques autorizados a dirixir a súa actividade a pesqueira da sardiña ibérica (*Sardina pilchardus*) que se pesca en augas ibéricas da zona CIEM VIIIc e IXa.
- Proxecto de Orde pola que se reparten determinadas especies compartidas entre distintos caladoiros e se modifican certos aspectos das distintas ordes que regulan as actividade pesqueira en augas españolas e europeas (sen aprobar)
- Proxecto de orde polo que se fixan normas para a aplicación das exencións á obrigación de desembarque e para a mellora na selectividade das artes.(sen aprobar)

c. ADMINISTRACIÓN GALEGA

A Consellería do Mar da Xunta de Galicia é quen aproba a normativa que regula o marisqueo e a actividade pesqueira nas augas interiores. Destacan os plans de xestión de diversas especies, especialmente:

i. Plan xeral de explotación marisqueira

Tódolos anos se aproba o Plan xeral de explotación marisqueira antes do inicio do ano natural. O plan xeral de explotación marisqueira para o ano 2018 foi aprobado con data do 22 de decembro e publicado no DOG do 29 de decembro de 2017. O seu obxecto é aprobar as normas que regulan a actividade marisqueira incluíndo o resumo dos plans de explotación, as normas no libre marisqueo ou os períodos autorizados para a extracción dos crustáceos non suxeitos a plans de explotación.

ii. Plan de xestión dos recursos específicos.

Os recursos específicos defínense como aquelas especies marisqueiras que po las súas características biolóxicas, pola súa técnica de extracción ou po las especificidades da súa comercialización requiren un sistema de xestión que atenda a estas particularidades.

Os plan de xestión que os regula son aprobados a finais de ano e teñen vixencia durante todo o ano seguinte. O 22 de decembro de 2017 aprobáronse os plans de xestión para recursos específicos para o ano 2017, e publicouse no DOG do 29 de decembro de 2017. A súa estrutura e similar a os plans de explotación.

iii. Plan xestión pesca polbo con nasas

O plan de xestión da nasa do polbo non é un plan anual, se non que regula “campañas”. Estas abranguen un período que vai dende o fin da veda da especie o inicio da veda seguinte, tendo en conta que a mesma soe ser entre os meses de maio e xuño, o plan encóntranse a cabalo entre dous anos naturais, así que un ano natural esta regulado por dous plans diferentes, un para a primeira parte do ano, ata o inicio da veda e outro dende o fin de esta.

A Resolución do 17 de maio de 2017, publicada no DOG do 31 de maio do mesmo ano, aproba o plan experimental para a xestión do polbo con nasa durante a campaña 2017-2018.

A Resolución do 8 de maio de 2018, publicada no DOG do 29 de maio do mesmo ano, aproba o plan experimental para a xestión do polbo con nasa durante a campaña 2018-2019.

iv. Plan xestión centola e boi

O igual que no caso do polbo a centola e o boi non se xestionan en un ano natural, se non que por campañas que abranguen dende o fin da veda ata o inicio da seguinte.

No DOG do 23 de xuño de 2017 publicase a Resolución do 9 de xuño de 2017 polo que se aproba o plan de xestión da centola e do boi 2017-2018.

No DOG do 4 de xullo de 2018 publicase a Resolución do 19 de xuño de 2018 polo que se aproba o plan de xestión da centola e do boi 2018-2019.

v. Plan xestión nasa nécora e camarón

O plan de xestión da nécora e o camarón con nasa é un plan bianual, o actual abrangue dende o 1 de xullo de 2017 ata o 30 de xuño de 2019 e foi aprobado pola resolución do 9 de xuño de 2017 e publicado no DOG do 4 de xullo.

O período de veda e marcado cada ano no plan xeral de explotación marisqueira que no caso da nécora no ano 2018 foi do 6 de xaneiro ata o 30 de xuño.

vi. Outros

Aparte dos plans de xestión comentados anteriormente, a Consellería do Mar aprobou diferentes Plans experimentais e de pesca para a xestión doutras especies de interese nas nosas rías. Así foron aprobados os seguintes plans:

- Plan de pesca da anguía para as confrarías de pescadores da ría de Vigo.
- Plan de pesca da anguía para as confrarías de pescadores da ría de Arousa.
- Plan de pesca da anguía para as confrarías de pescadores da ría de Ferrol.
- Plan de pesca de patexo, patulate e conguito da CCAA de Galicia.
- Plan experimental de pesca con trasmallos para as confrarías de pescadores da ría de Arousa.
- Plan experimental de pesca con trasmallos con cambio de horario para as confrarías de pescadores da ría de Vigo.
- Plan experimental de pesca con trasmallos para as confrarías de pescadores da ría de Pontevedra.
- Plan experimental de pesca con nasa para peixe

II. INFORME de XESTIÓNS ADMINISTRATIVAS da FG.

a. A ACTIVIDADE ADMINISTRATIVA.

A ampla actividade administrativa que desenvolve diariamente o persoal da Federación Galega presentámola en varios apartados a fin de analizar este traballo:

i. Circulares e Información a Confrarías. Cadro explicativo.

Unha das tarefas fundamentais da Federación Galega é a de manter información continua ás Confrarías de Pescadores. A comunicación foi practicamente diaria coa remisión de circulares informativas.

En canto ó período do 1-XANEIRO -2018 a 31-DECEMBRO-2018 as circulares remitidas foron 172. A continuación expoñemos o listado resumido de cada unha:

CIRCULARES 2018	TEMAS
1/2018	PLAN MARISQUEIRO E PLAN RR.EE. 2018
2/2018	BORRADOR REPARTO COTAS POR MODALIDADE
3/2018	PLAN TRASMALLOS RÍA AROUSA
4/2018	PLAN TRASMALLOS RÍA PONTEVEDRA
5/2018	PLAN TRASMALLOS RÍA VIGO
6/2018	MODIFICACIÓN PLAN DESCARTES DEMERSALES
7/2018	ORDE PROXECTOS MODERNIZACIÓN PORTOS
8/2018	COMUNICACION PLAZA VACANTE NA FEDERACION GALEGA DE CONFRARIAS
9/2018	MODIF.AUTORIZACIÓNS ZONAS CIEM 1º TRIM 2018
10/2018	BORRADOR XURELO CERCO
11/2018	PLAN ANGUÍA RÍA VIGO
12/2018	PLAN ANGUÍA RÍA AROUSA
13/2018	
14/2018	MERLUZA VOLANTA
15/2018	BORRADOR PALANGRE DE FONDO
16/2018	PROXECTO R D CONDICIÓNS SEGURIDADE MERGULLO
17/2018	AXUDAS FEMP TRIPULANTES
18/2018	AXUDAS FEMP ARMADORES
19/2018	LISTADO PORTOS CONTROL DESEMBARQUES DE MAS DE 10 TONELADAS
20/2018	ORDE DE AXUDAS NO MARCO DE ACTIVIDADES MARISQUEIRAS SUSTENTABLES
21/2018	MODIFICACIÓN PLAN ANGUÍA 2018 - AROUSA
22/2018	MODIFICACIÓN PLAN ANGUÍA 2018 - VIGO
23/2018	SOLICITUDE AUT ACORDO MIÑO
24/2018	ANCHOA ZONA CIEM 8
25/2018	PLAN EXPERIMENTAL DE CAPTURA DE BOLO CON ARTE DE BOLICHE
26/2018	PLAN EXPERIMENTAL DE PESCA CON NASA DE PEIXES
27/2018	BORRADOR DA RESOLUCIÓN CUOTAS INDIVIDUAIS DE XURELO ZONAS VIII C e IX A
28/2018	BORRADOR DA RESOLUCIÓN DA SECRETARÍA XERAL DE PESCA POLA QUE SE ESTABLECEN DISPOSICIÓNS ADICIONAIS A PESQUEIRA DA MERLUZA (VIII C, IX A)
29/2018	BORRADOR RESOLUCION TOPES RAIAS
30/2018	BORRADOR RESOLUCION TOPES ANCHOA
31/2018	CUOTAS INICIAIS POR MODALIDADE OU CENSO, VARIAS ESPECIES
32/2018	ALEGACIONES AO BORRADOR R.D. SEGURIDADE MERGULLO
33/2018	BORRADOR RESOLUCIÓN COTAS INDIVIDUAIS DE CABALLA E XURELO PARA EMBARCACIÓNS

	DE CERCO
34/2018	ACORDOS XESTIÓN ANCHOA 2018
35/2018	AUTORIZACIÓN PLAN DE ANGUÍA DA RIA DE AROUSA
36/2018	AUTORIZACIÓN PLAN DE ANGUÍA DA RIA DE VIGO
37/2018	COTAS ARRASTRE FONDO, COTAS MERLUZA VOLANTAS, COTAS MERLUZA PALANGRE DE FONDO
38/2018	RESOLUCIÓN ORDENACIÓN ANCHOA VIII
39/2018	INSTRUCCIÓN PARA PREAVISOS E SOLICITUDES DE DESCARGAS EN PORTO, ESPECIES PELÁXICAS
40/2018	BORRADOR DA RESOLUCIÓN DE ORDENACIÓN DA PESQUEIRA DE RAIAS
41/2018	INFORMACIÓN SOBRE O PLAN DE XESTIÓN DA SARDIÑA
42/2018	SOLICITUDES AUTORIZACIÓN CERCO 2º TRIMESTRE
43/2018	RESOLUCIÓN XURELO
44/2018	DISPOSICIÓN ADICIONAIS DA PESQUEIRA DA MERLUZA, ARTES MENORES
45/2018	APERTURA DO PRAZO PARA SOLICITAR A INSCRICIÓN NO CENSO DA REMIP OS MIÑARZOS
46/2018	PECHE ANCHOA ZONA CIEM IXA
47/2018	PESQUERÍA TUNIDOS 2018
48/2018	REPARTO COTA EXTRA XARDA PARA CERCO
49/2018	PROCEDEMENTO TEMPORAL PARA CUBRIR OS DIARIOS DE PESCA
50/2018	ASIGNACIÓN COTAS ANCHOA IXA
51/2018	ACTUALIZACION LISTADO E HORARIOS PORTOS MÁIS DE 10 TONELADAS
52/2018	PROPOSTA PARADA PLAN REC.MERLUZA E CIGALA
53/2018	BORRADOR RD PLAN REITOR ILLAS ATLANTICAS
54/2018	BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS A PARALIZACIÓN TEMPORAL
55/2018	SOLICITUDE AUT ACORDO MIÑO MAIO-XUÑO
56/2018	AUTORIZACIÓN PLAN DE ANGUÍA DA RIA DE FERROL
57/2018	ESTUDIO AFECTACION DA APNEA PARA RREE
58/2018	PLAN DE XESTIÓN E RECUPERACIÓN PARA A SARDIÑA
59/2018	MODIFICACIÓN DA ORDE QUE REGULA A PESQUEIRA DO ATÚN ROXO
60/2018	BORRADOR RESOLUCION APERTURA SARDIÑA
61/2018	MODIFICACIÓN DO PRAZO PARA ALEGACIÓN A RESOLUCIÓN APERTURA SARDIÑA
62/2018	MODIFICACIÓN TRIPULACIÓN PLAN DA ANGUÍA DO RIO ULLA
63/2018	RESOLUCIÓN APERTURA SARDIÑA
64/2018	PLAN XESTIÓN SARDIÑA XEITO
65/2018	XORNADA PROCESO ELECTORAL CONFRARIAS
66/2018	BORRADOR POLO QUE SE DISTRIBÚE COTA ESPECIES PROFUNDAS
67/2018	ACTUALIZACION LISTADO E HORARIOS PORTOS MÁIS DE 10 TONELADAS
68/2018	PLAN POLBO 2018-2019
69/2018	MODIFICACION RESOL ANCHOA CIEM VIII
70/2018	PUBLICACION NO DOG DO PLAN DO XEITO
71/2018	OBSERVADORES A BORDO SARDIÑA
72/2018	CANTIDADES EXTRA DE PESCADA SUR
73/2018	PECHE ANCHOA ZONA 9
74/2018	OFERTA PRAZA SECRETARÍA CEDEIRA
75/2018	MODIFICACION CANTIDADES EXTRA DE PESCADA
76/2018	AVISO A CONSELLERIA MELLORAS SISTEMA CENSOS
77/2018	PUBLICACIÓN NO DOG DO PLAN POLBO 2018-2019
78/2018	NOVA RESOLUCIÓN ORDENACIÓN ANCHOA VIII
79/2018	COMUNICACION TOPE SARDIÑA ESTA SEMANA
80/2018	CENSO PROVISIONAL OS MIÑARZOS
81/2018	DECRETO INSPECCIÓN AMBIENTAL
82/2018	REAPERTURA XARDA ACCIDENTAL ASOC. CERQUEIROS GALEGOS
83/2018	COTAS ENGADIDAS XURELO VIII CERCO
84/2018	COTAS ENGADIDAS XURELO VIII OUTRAS ARTES DISTINTAS DO CERCO E O ARRASTRE
85/2018	AÑADIDO NORMATIVO AO MODELO ESTATUTOS CONFRARIAS
86/2018	PUBLICACIÓN DO PLAN DE RECUPERACIÓN DA SARDIÑA
87/2018	BANDEIRA CERCO ZONA VIII

88/2018	RESOLUCIÓN PECHE ANCHOA ZONA VIII
89/2018	SOLICITUDE AUTORIZACIÓNS ACORDO DO MIÑO
90/2018	SOLICITUDES AUTORIZACIÓNS CERCO 3º TRIMESTRE
91/2018	COTA POR FLEXIBILIDADE ARRASTRE DE FONDO
92/2018	SOLICITUDES AUTORIZACIÓNS CERCO 3º TRIMESTRE ZONAS CIEM
93/2018	COTA POR FLEXIBILIDADE XURELO IXA CERCO
94/2018	PECHE PRECAUTORIO RAIAS MOSAICO ZONA IX
95/2018	PECHE PRECAUTORIO LINGUADO VIIIa, VIIIb
96/2018	REAPERTURA ANCHOA ZONA IX PARA DETERMINADOS BARCOS
97/2018	MODIFICACIÓN DO PLAN DE XESTIÓN DO XEITO
98/2018	MODIFI. DECRETO CONFRARIAS
99/2018	REAPERTURA ANCHOA ZONA VIII
100/2018	PLAN DE XESTIÓN CENTOLA-BOI 2018-2019
101/2018	XORNADA LPD PERSOALCONFRARIAS
102/2018	LISTADO DE EMBARCACIÓNS AUTORIZADAS PARA PESCAR SARDIÑA
103/2018	OBSERVADORES A BORDO SARDIÑA
104/2018	PLAN BOLICHE XULLO-OUTUBRO
105/2018	RAIAS MARCADAS. PROXECTO DESCARSEL
106/2018	LISTADO EMBARCACIÓNS XEITO
107/2018	CALENDARIO ELECTORAL PROVISIONAL
108/2018	PUBLICACION DOGA PROCESO ELECTORAL
109/2018	PUBLICACIÓN NO D.O.G DO PLAN DE XESTIÓN PARA A CENTOLA E BOI 2018-2019
110/2018	CALENDARIO ELECTORAL DEFINITIVO
111/2018	PUBLICACIÓN NO D.O.G DO PLAN DE BOLICHE
112/2018	CURSO PARA PERSOAL CONFRARIAS NORMATIVA PROTECCION DATOS
113/2018	PECHE SARDIÑA PARA CERCO, RACÚ E PIOBARDEIRA
114/2018	PECHE SARDIÑA CON ARTE DE XEITO
115/2018	PRESENTACION RECOMENDACIONES ICES
116/2018	MODIFICACION PLAN XESTION SARDIÑA PARA XEITO
117/2018	LISTADO DE EMBARCACIÓNS AUTORIZADAS PARA PESCAR SARDIÑA
118/2018	SOLICITUDE AUTORIZACIÓNS ACORDO DO MIÑO BIMESTRE SETEMBRO-OUTUBRO
119/2018	BORRADOR RESOLUCION REAPERTURA SARDIÑA
120/2018	VEDA CHOCO RÍA DE VIGO
121/2018	RESOLUCIÓN POLA QUE SE DISTRIBÚEN AS COTAS DE DIVERSAS ESPECIES PROFUNDAS
122/2018	MODIFICACIÓN PLAN XESTIÓN SARDIÑA PARA XEITO
123/2018	RESOLUCIÓN REAPERTURA SARDIÑA
124/2018	PUBLICACIÓN BOE BARCOS AUTORIZADOS A SARDIÑA
125/2018	USO DA CONDICIÓNS ESPECIAL DE XURELO
126/2018	PECHE ALFONSINO
127/2018	PECHE SABLE NEGRO (VIIIIC E IXA)
128/2018	PECHE ANCHOA VIII
129/2018	PECHE DEFINITIVO ATÚN BLANCO
130/2018	BORRADOR TOPES RAIAS
131/2018	RESOLUCIÓN TOPES RAIAS
132/2018	CONDICIÓNS ESPECIAL XURELO VIIC E IXA
133/2018	PECHE SARDIÑA PARA TODAS AS ARTES
134/2018	CURSOS DE FORMACION GARDAPESCAS CONFRARIAS
135/2018	XORNADA SOBRE CONFRARIAS
136/2018	PUBLICACIÓN BOE TOPES RAIAS
137/2018	XORNADA DESCARTES
138/2018	INSTRUCCIÓN PLANS DE XESTIÓN RECURSOS ESPECÍFICOS
139/2018	PECHE PRECAUTORIO RAIAS MOSAICO ZONA VIII
140/2018	SOLICITUDES AUTORIZACIÓNS CERCO 4º TRIMESTRE
141/2018	ORDE PROXECTOS COLECTIVOS 2018
142/2018	TOPES PESCADAS ARTES MENORES
143/2018	CURSOS DE FORMACION GARDAPESCAS CONFRARIAS
144/2018	BORRADOR REDISTRIBUCIÓN COTAS

145/2018	INSTRUCCIÓN PLANS DE XESTIÓN DE BIVALVOS
146/2018	DISPOSICIÓN ADICIONAIS PESCADA ARTES MENORES
147/2018	REDISTRIBUCIÓN COTAS
148/2018	REAPERTURA ATÚN BRANCO
149/2018	SOLICITUDE AUTORIZACIÓN ACORDO DO MIÑO BIMESTRE NOVEMBRO-DECEMBRO
150/2018	PECHE ALFONSINO UNIDADE DE XESTIÓN 2
151/2018	TOPE BIVALVOS LIBRE MARISQUEO E VEDAS CRUSTACEOS
152/2018	PECHE PRECAUTORIO RAIAS
153/2018	BORRADOR DA RESOLUCIÓN DAS DISPOSICIÓN PARA A ORDENACIÓN DA PESQUEIRA DAS RAIAS
154/2018	PECHE DA PESQUEIRA DO PATUDO
155/2018	DISPOSICIÓN PARA A ORDENACIÓN DA PESQUEIRA DAS RAIAS
156/2018	PROXECTOS DE ORDES PARA A IMPLEMENTACIÓN DA OBRIGA DE DESEMBARQUE
157/2018	ANTEPROXECTO DE LEI DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO
158/2018	NOVO TAC ANCHOA
159/2018	MODIFICACIÓN PLAN POLBO
160/2018	MODIFICACIÓN PRAZO OBSERVACIÓN PLAN XERAL DE MARISQUEO
161/2018	ACLARACIÓN COTA OLLOMOL UNIDADE 1
162/2018	NOVO PRAZO ALEGACIÓN ORDES OBRIGA DE DESEMBARCO
163/2018	SUBASTA MATERIAL
164/2018	TIPO DE XESTIÓN 2019
165/2018	NOTA EXPLICATIVA ORDEN REPARTO ESPECIE E NOVO PRAZO OBSERVACIÓN
166/2018	SOLICITUDES AUTORIZACIÓN CERCO 1º TRIMESTRE
167/2018	PECHE PRECAUTORIO DA AGULLA AZUL E DA AGULLA BRANCA
168/2018	PLAN PATEXO 2019
169/2018	REGULAMENTO DELEGADO PLAN DE DESCARTES 2019-2021
170/2018	POSIBILIDADES DE PESCA AUGAS PROFUNDAS 2019-2020
171/2018	BORRADOR XESTION XARDA 2019
172/2018	APROBACIÓN ORZAMENTO 2019
173/2018	ALEGACIÓN ORDES OBRIGAS DESEMBARCO

Como resume das temáticas sobre as que versaron as circulares remitidas achegamos o seguinte cadro explicativo:

Temática (ano 2018)	Nº Circulares
Resolucións/comunicacións	28
Lexislación (decretos, ordes, borradores...)	21
Peches/Reaperturas de pesquerías	19
Regulación sectorial	58
Varios	30
Tac's e cuotas, topes capturas, consumos...	17

ii. A tramitación administrativa.

A tramitación administrativa da Federación dividímola en varios asuntos: a xestión do REXISTRO, tanto de entrada como de saída de documentos; o seguimento diario das campañas pesqueiras, por exemplo a cabala; e a tramitación dos cambios temporais de modalidade. A continuación facemos unha explicación resumida destes traballos:

1. Rexistros de entrada e saída. Cadros.

Aportamos a continuación o número de documentos recibidos/enviados desde o día 1 de xaneiro de 2018 a efectos de ver un ano natural completo .

Agrupamos os datos entre os principais emisores/destinatarios da documentación: Administración Autónoma, Federaci3ns e Confrarías, Administración Central e Outros.

-Documentos recibidos (registro de entrada):

	Adm3n. Aut3n3mica	Adm3n. Central	Confrarías e Federaci3ns	Outros	TOTAL
2018	1228	101	1604	17	2950

-Documentos enviados (registro de saída):

	Adm3n. Aut3n3mica	Adm3n. Central	Confrarías e Federaci3ns	Outros	TOTAL
2018	434	49	195	7	685

2. Outras xestións.

FORMACI3N

Durante o exercicio 2018 lev3ronse adiante 4 cursos de formaci3n en materia de actualizaci3n normativa para persoal de Confrarías:

- ✓ 2 cursos versaron sobre Innovaci3n en materia de vixilancia de confrarías de pescadores denominado NOVAS TECNOLOXÍAS APLICADAS Á PROTECCION DOS RECURSOS: DRONES APLICADOS Á VIXIANCIA DE RECURSOS MARÍTIMO PESQUEIROS nos que participaron 35 profesionais pertencentes a 20 confrarías o que supuxo un esforzo administrativo na programaci3n, execuci3n e xustificaci3n dos mesmos.
- ✓ 2 cursos versaron sobre a normativa de protecci3n de datos e se denominou COMO AFRONTAR DENDE AS CONFRARIAS O CUMPRIMENTO DA NORMATIVA DE PROTECCION DE DATOS e foi dirixido ao persoal administrativo das confrarías de pescadores de Galicia e no que participaron persoal de 29 confrarías.

Os cursos para persoal de control e vixiancia tiveron lugar nos meses de setembro e outubro e se adaptaron os horarios atendendo ás necesidades laborais do persoal. As horas totais de cada curso foron 20 horas e o calendario foi o seguinte:

Mes setembro.- persoal das Confrarías de Redondela, Cambados, Baiona, Burela, Barallobre, Bueu, Pontevedra, San Cibrao, Cariño, O Grove e Rianxo.

Mes Outubro.- persoal das Confrarías de Cambados, Cabo de Cruz, Noia, Cangas, Ferrol, Vilanova, Rax3, Ribeira, Illa de Arousa, Camariñas e O Barqueiro

Os cursos para persoal administrativo acolleron persoal das Confrarías de A Guarda, Espasante, Miño, Lourizán, Cariño, Portonovo, Vilanova, Redondela, Noia, Cedeira, O Barqueiro, Vilaxoán, Carril, San Cibrao, Cabo de Cruz, Illa de Arousa, Camariñas, Muros, Mugardos, Illa, Redondela, Moaña, Pobra, Aguiño, Vigo, Corcubión, así como persoal da Federación de Lugo, A Coruña e Galega.

EVENTOS E XORNADAS TÉCNICAS

Xornada de divulgación das Confrarías de Pescadores como entidades de Dereito público, como entidades de economía social e como entidades representativas

CONFRARIAS DE PESCADORES: A COLABORACION E A DEFENSA DOS INTERESES COMO MARCAS DE IDENTIDADE

Celebrada o 17 de setembro de 2018 na sede da Federación Galega de Confrarías .

O obxectivo da xornada foi divulgar a imaxe das confrarías e por en valor o peso das nosas entidades. Participaron no evento técnicos da Consellería do Mar, da Consellería de Economía, Emprego e industria, da Federación Nacional de Confrarías, da Confraría de Muxía e da Universidade de A Coruña así como expatrons e expatroas Maiores de Portonovo, Baiona e Ribadeo

Xornada técnica

XORNADA: ESPECIES SOMETIDAS A TAC's E COTAS E A NOVA PPC

Celebrada o 21 de setembro de 2018 na sede da Federación Galega de Confrarías.

O obxectivo da xornada foi presentar o traballo feito a través da Federación e o IEO a fin de conseguir a consideración de especie con alta supervivencia para RAIA e presentar o estudo denominado "Impacto económico da PPC na pesca artesanal galega. Afectación dos descartes" realizado pola Universidade de Santiago de Compostela

Ambas xornadas foron un éxito de organización e participación e demostran a necesidade de seguir realizando xornadas divulgativas de asuntos de interese para o noso sector e para as nosas entidades

Cambios temporais de modalidade.

A Federación Galega realiza os informes que lle son solicitados pola Consellería do Mar para a aprobación dos cambios temporais de modalidade, unha vez comprobado que a solicitude está realizada pola confraría de pescadores.

Como exemplo, durante o ano natural 2018 tramitáronse 1.213 CTM, das 63 confrarías de Galicia mais do 93 % solicitaron algún CTM o longo do ano 2017. Os cambios temporais de modalidade distribuíronse do seguinte xeito por confrarías:

CAMBIOS TEMPORAIS de MODALIDADE no PERÍODO (1 Xaneiro 2018 a 31 Dec 2018)

CONFRARÍA	CTM	CONFRARÍA	CTM
A Coruña	18	Marín	2
A Guarda	25	Mera	0
Aguiño	56	Miño	0
Aldán	4	Moaña	10
Arcade	14	Mugardos	5
Ares	4	Muros	11
Baiona	31	Muxia	13
Barallobre	7	Noia	54
Bueu	40	O Barqueiro	5
Burela	17	O Grove	83
Cabo de Cruz	20	O Pindo	0
Caión	6	O Vicedo	4
Camariñas	35	Palmeira	9
Cambados	55	Pobra do Caramiñal	9
Camelle	45	Pontedeume	11
Cangas	50	Pontevedra	16
Cariño	13	Porto do Son	21
Carril	4	Portonovo	6
Cedeira	38	Portosín	8
Celeiro	19	Raxó	41
Corcubión	26	Redondela	20
Corme	8	Rianxo	21
Espasante	4	Ribadeo	0
Ferrol	53	Ribeira	54
Fisterra	33	Sada	4
Foz	2	San Cibrao	6
Illa de Arousa	51	San Xenxo	8
Laxe	46	Vigo	3
Lira	13	Vilaboa	3
Lorbé	2	Vilanova de Arousa	8
Lourizán	13	Vilaxoán	4
Malpica	22	TOTAL	1.213

b. AS REUNIÓNS DOS ÓRGANOS REITORES E ACORDOS DA FG

i. Comités Executivos.

-15-01-2018. Informouse da resolución de axudas e o outros asuntos económico financeiros da Federación e informou sobre as conclusións do grupo de traballo de tac's e cuotas que xestiona a FG. Se aprobou solicitar reuni'no coa conselleira para varios asuntos.

-25-05-2018 Se aproban as contas anuais 2017 así como o informe de xestión administrativa, se presenta un informe da situación económico financeira da Federación . Se aproba a convocatoria da X. Xeral e se informa da reunión do grupo de traballo para analizar a normativa de mergullo e os proxectos co IEO e a Universidade de Santiago.

-05-10-2018 Se aproba a presentación á orde de axudas e se informa da situación financeira da federación.

-05-12-2018 Toma de posesión do presidente, vicepresidente e Comité executivo. Se aproba o orzamento 2019, se aproba a convocatoria de Xunta xeral, se crea un grupo de traballo para analizar ás alegacións ao borrador da obriga de desembarque e se aproba a creación de grupos de traballo diversos.

ii. Xuntas Xerais de Patróns e Vicepatróns Miores

-03-02-2018. Se ratifica o nomeamento da secretaria Rita González e se da conta de asuntos de contratación laboral. Se presenta informe da solicitude de xestión da pesquería da RAIA . Se informa sobre a reunión mantida coa Conselleira do Mar.

-07-03-2018. Se aproba a solicitude de diversos créditos, se aproba a concesión de préstamo a OPAGA, baixas de inmovilizado, así como se fixan cuantías por alugueiro de instalacións.

-16-06-2018. Se presentan as contas anuais do exercicio 2017 así como o informe de xestión económica, a liquidación presupuestaria e o inventario de bens e dereitos. Se presenta o informe de xestión administrativa e se informa sobre a situación económica e financeira.

-

-24-11-2018. Xunta de convocatoria de eleccións á Federación Galega de Confrarías.

-22-12-2018 . aprobación presentación orzamento 2019. Deuse conta de participación en diversas reunións. Acordos de carácter funcional da FC.

c. OUTRAS REUNIÓN

Vamos a considerar neste apartado todas aquelas reunións de traballo, de consulta ou colaboración, tanto coas Administracións Públicas como con outras entidades.

i. Reunións coas Administracións Públicas.

É especialmente importante e son moi numerosas as reunións que se celebran coas Administracións Públicas, unha veces facendo propostas, outras solicitando axudas de tipo económico, e moitas negociando e debatendo temas sectoriais.

Coa Xunta de Galicia, maioritariamente coa Consellería do Mar mantemos contacto continuo por todos eses temas, se ben destacan:

-Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e I. Tecnolóxica, asuntos sectoriais dos plans de explotación, o Plan de Xestión do Xeito coa participación na Comisión do Xeito da Consellería do Mar. Tamén se fan reunións preparatorias e de seguimento dos acordos sectoriais coa SEGEPESCA.

-D.X. Desenvolvemento, no 2018 tiveron especial repercusión todo o procedemento de execución dos convenios (cap. IV e VII).

-Portos de Galicia.

-Consello Galego de Pesca, tanto do Pleno como das Comisións sectoriais.

Coa Administración Xeral do Estado destacan as reunións na SEGEPESCA, Secretaría General de Pesca Marítima do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente por asuntos sectoriais..

ii. Reunións con outras entidades

Ó longo do ano celébranse multitude de reunións de variados temas con outro tipo de entidades e organizacións: Universidades, Centros de investigación, Asociacións da pesca, Empresas privadas, ...

No ámbito europeo celebráronse as reunións dos órganos consultivos e dos proxectos transnacionais nos que participamos (CCR Sud) que soen ser de carácter trimestral ou semestral.

III. ÓRGANOS CONSULTIVOS

a. ORGANOS CONSULTIVOS

Outro dos obxectivo da Federación Galega e a de participar como entidade de consulta e colaboración coa Administración Pesqueira, e neste sentido participamos nunha serie de organizacións de carácter consultivo de diverso ámbito:

i. Consello Consultivo do Atlántico Sudoeste.

O Consello Consultivo do Atlántico Sudoeste (CC-Sud) é un órgano de consulta da Comisión Europea onde, a nivel rexional, os sectores vinculados coa pesca e a acuicultura están representados e organizados para manter unha relación directa de colaboración e consulta coa Comisión, aínda que esta non sexa vinculante.

ii. Consello Galego de Pesca.

O Consello Galego de Pesca é un órgano colexiado de participación, consulta e asesoramento da administración da CCAA de Galicia nos asuntos de pesca, marisqueo e acuicultura. Está estruturado e organizado no Pleno e varias Comisións Sectoriais. A representación do sector pesqueiro está repartida entre asociacións privadas e as confrarías de pescadores, nos que os propios representantes están nomeados pola FG.

iii. Outros.

Trátase de outros organismos públicos de representación nos que participa a FG como son o Consello Galego de Estatística ou o Consello Galego de Medioambiente.